

	<p>CONCELLO DE VIGO Intervención Xeral Tfn. 986 810 130 ofi.intervencion@vigo.org</p>
---	---

Asunto:	Liquidación do orzamento correspondente ao exercicio 2022
Expediente:	244-143
Servizo xestor:	Contabilidade e Orzamentos
Modalidade de control:	Control financeiro permanente

Informe de Intervención

Remitida á Intervención Xeral polo Sr. concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda o expediente relativo ao asunto referido ao obxecto da emisión do preceptivo informe de conformidade co previsto nos artigos 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 90 do RD 500/1990, de 20 de abril, esta intervención emite o seguinte

Informe:

1.- Lexislación aplicable.

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigos 191 a 193.
- Regulamento Orzamentario (R.P.), aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (B.O.E. número 101, de 27 de abril, corrección de erros no B.O.E. número 136, de 7 de xuño de 1990), artigos 89 a 105.
- Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.
- Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Instrución do Modelo Normal de Contabilidade para a Administración Local, aprobada pola Orde do Ministerio de Economía e Facenda 4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, e Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001 de estabilidade orzamentaria.
- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.
- Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC 2010).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/02/2023 12:25	Páxina 1 de 36
244-143	CSV: AHA3BD-DH3547-EE48A4-AL7JS4-YTFXS9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local (LRSAL)
- Orde de Economía e Facenda 3665/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura orzamentaria das entidades locais.
- Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, e Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012.

2. Carácter do informe.

O apartado 1 do artigo 4 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional establece que o control interno da xestión económico-financeira e orzamentaria exercerase nos termos establecidos na normativa que desenvolve o artigo 213 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo e comprenderá:

a) A función interventora.

b) O control financeiro nas modalidades de función de control permanente e a auditoría pública, incluíndose en ambas o control de eficacia referido no artigo 213 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo. O exercicio do control financeiro incluirá, en todo caso, as actuacións de control atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor, tales como: (...) 4.º A emisión de informe previo á aprobación da liquidación do Orzamento.

Pola súa beira, conforme ao disposto no artigo 35 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local o resultado das actuacións de control permanente documentarase en informes escritos, nos que se expoñerán de forma clara, obxectiva e ponderada os feitos comprobados, as conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións sobre as actuacións obxecto de control. Así mesmo, indicaranse as deficiencias que deban ser emendadas mediante unha actuación correctora inmediata, debendo verificarse a súa realización nas seguintes actuacións de control.

En consecuencia o informe da Intervención xeral resulta preceptivo, e como resultado do control permanente emitirase un informe escrito no que se expoñerán os feitos comprobados, as conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións sobre as actuacións obxecto de control, así como, de ser o caso, as deficiencias observadas.

3. Confección e aprobación da liquidación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/02/2023 12:25	Páxina 2 de 36
244-143	CSV: AHA3BD-DH3547-EE48A4-AL7JS4-YTFXS9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

De conformidade co previsto no artigo 191 do TRLHL, a liquidación dos orzamentos debe confeccionarse referíndose aos dereitos recadados e ás obrigacións pagadas o 31 de decembro do ano natural do exercicio económico correspondente. Os dereitos liquidados pendentes de cobro e as obrigacións recoñecidas pendentes de pago a data 31 de decembro quedarán a cargo de tesourería, aparecendo recollidos no denominado remanente de tesourería ao que se fará mención posteriormente.

A aprobación da liquidación dos orzamentos é competencia do Presidente, previo informe de Intervención (artigo 192.2 TRLFL), do que se dará conta, unha vez aprobada a liquidación, ao Pleno do Concello (art. 90.2 do RD 500/1990), na primeira sesión que celebre tras a súa aprobación.

Deberase remitir copia da liquidación do Orzamento e do seu expediente de aprobación, tanto á Comunidade Autónoma como ao centro ou Dependencia do Ministerio de Economía e Facenda que este determine (artigo 91 do RD 500/90).

4. Contido da liquidación.

O estado da Liquidación figura dentro do conxunto de Contas e Estados que conforman a Conta Xeral e que se deben formar ao terminar cada exercicio económico. A Liquidación non é tanto unha forma de rendición de contas senón máis ben unha representación cifrada do resultado de xestión económica, limitada estritamente ao orzamento e a un exercicio económico determinado. A aprobación da Conta Xeral en ningún caso implica a aprobación da Liquidación do Orzamento que ten que producirse obrigatoriamente antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte e con carácter previo á aprobación daquela.

Segundo a Instrución de contabilidade para a administración local o Estado da Liquidación do Orzamento estrutúrase en 3 partes:

- Primeira: Liquidación do Orzamento de gastos.
- Segunda: Liquidación do Orzamento de ingresos.
- Terceira: Resultado orzamentario.

De acordo co disposto no artigo 93 do Real Decreto 500/90, a Liquidación deberá poñer de manifesto:

- Orzamento de Gastos: (para cada aplicación orzamentaria): Créditos iniciais, modificacións e créditos definitivos, gastos autorizados e comprometidos, obrigacións recoñecidas, pagos ordenados e os pagos realizados.
- Orzamento de Ingresos: (para cada concepto): Previsións iniciais, modificacións e previsións definitivas, dereitos recoñecidos e anulados, e dereitos recadados.
- Determinación dos dereitos pendentes de cobro e obrigacións pendentes de pago ao 31 de decembro.
- Determinación do resultado orzamentario do exercicio.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/02/2023 12:25	Páxina 3 de 36
244-143	CSV: AHA3BD-DH3547-EE48A4-AL7JS4-YTFXS9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

- Determinación dos remanentes de crédito.
- Determinación do remanente de tesourería.

Liquidación do Orzamento de gastos.

De conformidade co recollido nos documentos contables e orzamentarios unidos ao presente expediente, a liquidación do orzamento de gastos do exercicio ofrece o seguinte resumo a nivel agregado:

RESUMO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS	CONCELLO DE VIGO		ESTADOS CONSOLIDADOS	
	2022	2021	2022	2021
Créditos orzamentarios iniciais (1)	282.791.225,33	262.245.240,42	285.502.256,18	264.011.037,00
(+/-) Modificacións orzamentarias (2)	128.654.574,82	90.564.919,90	139.238.740,62	101.551.207,40
Créditos orzamentarios definitivos (3) = (1+2)	411.445.800,15	352.810.160,32	424.740.996,80	365.562.244,40
Obrigas recoñecidas netas (4)	270.795.812,52	245.323.004,84	272.299.227,72	246.643.763,80
Pagos (5)	264.892.694,61	233.687.255,72	266.246.511,79	234.537.159,91
Obrigas pendentes de pago (6)	5.903.117,91	11.635.749,12	6.052.715,93	12.106.603,89
Remanentes de crédito (7) = (3-4)	140.649.987,63	107.487.155,48	152.441.769,08	118.918.480,60
% Execución (8) = (4/3)	65,82 %	69,53 %	64,11 %	67,47 %
% Realización de pagos (9) = (5/4)	97,82 %	95,26 %	97,78 %	95,09 %

Á vista dos datos deste cadro, observamos que en termos relativos executouse (entendendo como gasto executado aquel que chegase á fase de obriga recoñecida, xa que esta fase é a que supón a necesidade de acreditar previamente a realización da prestación ou o dereito do acredor), o 65,82% dos créditos definitivos do presuposto do exercicio, porcentaxe inferior ao dos exercicios precedentes (2021: 69,53%; 2020: 68,74%), e sensiblemente inferior á execución dos exercicios 2019 e anteriores (2019: 83,83%; 2018: 82,83%). Pola súa beira, os pagos realizados alcanzaron o 97,82% das obrigas recoñecidas, continuando a liña ascendente dos elevados porcentaxes de pago dos exercicios precedentes (2019: 94,90%; 2020: 96,82%; 2021: 95,26%).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/02/2023 12:25

Páxina 4 de 36

244-143

CSV: AHA3BD-DH3547-EE48A4-AL7JS4-YTFXS9-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

A principal causa da baixa execución orzamentaria reside na aprobación polo Pleno da Corporación, nas sesións dos días 30 de marzo de 2022, 10 de outubro de 2022 e 14 de decembro de 2022, das modificacións orzamentarias números 12/2022, 75-75A/2022 e 91/2022 baixo a modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais, por un importe conxunto de 83,82 millóns de euros. Estas modificacións dotaron crédito para o financiamento de gastos de diferente natureza, fundamentalmente inversións, así como tamén o programa extraordinario de axudas ás familias con motivo do inicio do curso escolar como consecuencia da situación excepcional motivada polo actual contexto socio-económico, que alcanzou os 5,2 millóns de euros. En xeral, o capítulo VI "Investimentos" tivo unha baixa execución orzamentaria en termos de obrigas recoñecidas (32,11%), se ben a fase D de execución de gasto, equivalente á adxudicación do contrato, alcanzou o 53,52% dos créditos definitivos (77,7 millóns de euros).

A nivel consolidado a execución alcanzou o 64,11% dos créditos definitivos, lixeiramente inferior á execución do Concello de Vigo. Se temos en conta que os créditos definitivos do Concello de Vigo representan máis dun 96% dos créditos definitivos a nivel consolidado, podemos concluír que existe un reducido nivel de descentralización na execución do gasto. Pola súa beira, os pagos alcanzaron o 97,78% das obrigas recoñecidas, similar porcentaxe á do Concello.

Resumida por capítulos, a liquidación do orzamento de gastos do **Concello de Vigo** foi a seguinte:

Capítulo	Crédito inicial	Modificacións	Crédito definitivo	A	D	O	P	RP	Saldo	%	%O s/Cred.
		Inc. Remanentes	RC Pend.+ N D	A Pendente	D Pendente	O Pendente	P Pendente	Reintegros	Remanente	%D s/Cred.	% RP s/O
1 GASTOS DE PERSOAL.	72.418.066,89	-6.042.697,01	66.375.369,88	59.689.239,75	58.183.225,27	58.183.225,27	58.183.225,27	58.167.548,26	6.004.849,56	9,05	87,66
		0,00	681.280,57	1.506.014,48	0,00	0,00	15.677,01	90.646,87	8.192.144,61	87,66	99,97
2 GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	135.607.453,43	18.334.729,24	157.284.520,47	142.784.617,63	142.482.174,30	134.926.867,62	134.926.867,62	133.061.517,32	12.509.122,29	7,95	85,79
		3.342.337,80	1.990.780,55	302.443,33	7.555.306,68	0,00	1.865.350,30	152.268,26	22.357.652,85	90,59	98,62
3 GASTOS FINANCIEROS.	30.530,00	116.013,76	146.543,76	139.261,57	139.261,57	138.813,63	138.813,48	138.812,88	7.282,19	4,97	94,73
		0,00	0,00	0,00	447,94	0,15	0,60	43,39	7.730,13	95,03	100
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	33.120.378,69	7.121.792,46	40.269.171,15	31.104.133,16	30.842.856,83	30.144.211,72	30.144.211,72	29.185.684,93	1.836.350,04	4,56	74,86
		27.000,00	7.328.687,95	261.276,33	698.645,11	0,00	958.526,79	12.064,89	10.124.959,43	76,59	96,82
5 FONDO DE CONTINXENCIA	600.000,00	0,00	600.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	600.000,00	100	0
		0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	600.000,00	0	0
6 INVERSIONS REAIS.	39.743.352,32	74.877.400,36	145.310.162,78	78.021.131,92	77.771.131,92	46.657.126,33	46.657.126,33	43.648.707,88	56.668.628,50	39	32,11
		30.689.410,10	10.620.402,36	250.000,00	31.114.005,59	0,00	3.008.418,45	1.382,16	98.653.036,45	53,52	93,55
7 TRANSFERENCIAS DE	771.444,00	-108.604,38	960.032,11	663.439,11	663.439,08	447.582,25	447.582,25	392.437,64	287.240,72	29,92	46,62



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/02/2023 12:25

Páxina 5 de 36

244-143

CSV: AHA3BD-DH3547-EE48A4-AL7JS4-YTFXS9-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

CAPITAL.		297.192,49	9.352,28	0,03	215.856,83	0,00	55.144,61	0,00	512.449,86	69,11	87,68
8 ACTIVOS FINANCIEROS.	500.000,00	0,00	500.000,00	299.100,00	299.100,00	299.100,00	299.100,00	299.100,00	200.900,00	40,18	59,82
		0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	3.000,00	200.900,00	59,82	100
Totais	282.791.225,33	94.298.634,43	411.445.800,15	312.700.923,14	310.381.188,97	270.796.926,82	270.796.926,67	264.893.808,91	78.114.373,30	18,99	65,82
		34.355.940,39	20.630.503,71	2.319.734,17	39.584.262,15	0,15	5.903.117,76	259.405,57	140.648.873,33	75,44	97,82

Liquidación do orzamento de ingresos.

O resumo da liquidación do orzamento de ingresos do exercicio ten o seguinte detalle a nivel agregado:

RESUMO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS	CONCELLO DE VIGO		ESTADOS CONSOLIDADOS	
	2022	2021	2022	2021
Previsións iniciais (1)	282.791.225,33	262.245.240,42	285.502.256,18	264.011.037,00
(+/-) Modificacións (2)	128.654.574,82	90.564.919,90	139.238.740,62	101.551.207,40
Previsións definitivas (3) = (1+2)	411.445.800,15	352.810.160,32	424.740.996,80	365.562.244,40
Modificacións financiadas con RT (4)	118.184.823,60	81.589.499,72	128.083.219,62	90.273.269,48
Previsións definitivas axustadas sen RT (5) = (3-4)	293.260.976,55	271.220.660,60	296.657.777,18	275.288.974,92
Dereitos recoñecidos netos (6)	292.527.085,01	272.408.223,45	294.655.691,15	277.078.191,17
Recadación neta (7)	280.848.111,08	257.400.437,30	282.955.138,72	261.899.494,43
Dereitos recoñecidos pendentes de cobro (8) = (6-7)	11.678.973,93	15.007.786,15	11.700.552,43	15.178.696,74
Exceso (+) / defecto (-) de dereitos recoñecidos (9) = (6-5)	-733.891,54	1.187.562,85	-2.002.086,03	1.789.216,25
% Execución (10) = (6/5)	99,75 %	100,44 %	99,33 %	100,65 %
% Recadación (11) = (7/6)	96,01 %	94,49 %	96,03 %	94,52 %



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/02/2023 12:25

Páxina 6 de 36

244-143

CSV: AHA3BD-DH3547-EE48A4-AL7JS4-YTFXS9-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

Para avaliar correctamente a execución do orzamento de ingresos faise necesario previamente minorar do importe total das previsións definitivas o importe das modificacións financiadas co remanente de tesourería, xa que de acordo co disposto no artigo 104.5 do Real Decreto 500/1990, o emprego do RT como recurso para financiar modificacións de crédito non dará lugar non ao recoñecemento nin á liquidación de dereitos orzamentarios –xa que os dereitos que forman parte RT xa foron recoñecidos en exercicios anteriores-. Por tal motivo, tendo en conta que segundo os estados contables incorporados á liquidación, o remanente de tesourería figura nas previsións definitivas das aplicacións orzamentarias 87000 e 87010 por un importe total de 118.184.823,60 euros, calculamos o importe das “Previsións definitivas axustadas sen RT” como o resultado de minorar as previsións definitivas polo citado importe.

Da análise de execución de ingresos despréndese que se executou (entendendo ingreso executado aquel que alcanzase a fase de dereitos recoñecidos) o 99,75% das previsións definitivas (axustadas) do orzamento do exercicio. Destacar que, ao contrario do que sucedeu no ano 2020 como consecuencia do impacto do COVID-19 nas contas públicas¹, a execución alcanzou no exercicio 2022, tal e como xa acontecera no exercicio 2021 (2021: 100,44%) practicamente o importe dos dereitos inicialmente previstos, non alcanzando os dereitos recoñecidos netos o importe das previsións definitivas unicamente en 0,73 millóns de euros.

Pola súa beira, a recadación alcanzou o 96,01% dos ingresos liquidados, superando nun 1,5% á do exercicio anterior (2019: 89,78%; 2020: 93,35%; 2021: 94,49).

A nivel consolidado a execución dos ingresos alcanzou o 99,33% das previsións definitivas e a recadación o 96,03%, resultando aplicables idénticas conclusións que as realizadas para o caso do Concello de Vigo.

Resumida por capítulos, a liquidación do orzamento de ingresos do **Concello de Vigo** foi a seguinte:

Capítulo	Inicial	Definitivas	DR	DR Anulados	Debedores	I	I Neto	Saldo
	Modificacións		DR Neto	DR Cancelados	OI	Dev. I	% DR s/ Prev	% I Neto s/ DR
1 Impostos directos	113.120.306,00	113.120.306,00	115.161.770,81	1.911.815,80	6.076.836,85	107.910.233,54	107.173.118,16	-129.649,01
	0,00		113.249.955,01	0,00	0,00	737.115,38	100,11	94,63
2 Impostos indirectos	10.362.766,18	10.362.766,18	11.079.622,28	1.913.906,61	19.598,17	11.047.610,09	9.146.117,50	1.197.050,51
	0,00		9.165.715,67	0,00	0,00	1.901.492,59	88,45	99,79
3 Taxas, prezos públicos e outros ingresos	39.928.577,00	40.951.117,10	48.257.871,09	1.580.727,69	5.245.206,44	42.042.362,97	41.422.341,96	-5.716.431,30
	1.022.540,10		46.667.548,40	9.595,00	0,00	620.021,01	113,96	88,76
4 Transferencia correntes	93.297.348,57	97.941.259,74	103.918.137,26	2.384.459,25	0,00	103.918.137,26	101.533.678,01	-3.592.418,27

¹A principal causa de que os dereitos liquidados non alcanzaran no exercicio 2020 as previsións iniciais radica no impacto do COVID-19, tanto pola redución da actividade como consecuencia da crise sanitaria e económica, como pola adopción polo Concello de Vigo de medidas discrecionais para tratar de paliar as consecuencias do COVID-19.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/02/2023 12:25	Páxina 7 de 36
244-143	CSV: AHA3BD-DH3547-EE48A4-AL7JS4-YTFXS9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

	4.643.911,17		101.533.678,01	0,00	0,00	2.384.459,25	103,67	100,00
5 Ingresos patrimoniais.	2.784.059,76	2.784.059,76	3.339.792,41	280.717,33	104.087,47	2.959.987,61	2.954.987,61	-275.015,32
	0,00		3.059.075,08	0,00	0,00	5.000,00	109,88	96,60
6 Enaxenación de investimentos reais.	0,00	0,00	47.632,03	0,00	0,00	47.632,03	47.632,03	-47.632,03
	0,00		47.632,03	0,00	0,00	0,00	0,00	100,00
7 Transferencias de capital.	22.798.167,82	27.601.467,77	18.494.660,81	0,00	0,00	18.494.660,81	18.494.660,81	9.106.806,96
	4.803.299,95		18.494.660,81	0,00	0,00	0,00	67,01	100,00
8 Activos financeiros	500.000,00	118.684.823,60	299.225,00	0,00	223.650,00	75.575,00	75.575,00	118.385.598,60
	118.184.823,60		299.225,00	0,00	0,00	0,00	0,25	25,26
Totais	282.791.225,33	411.445.800,15	300.598.711,69	8.071.626,68	11.669.378,93	286.496.199,31	280.848.111,08	118.928.310,14
	128.654.574,82		292.517.490,01	9.595,00	0,00	5.648.088,23	71,10	96,01

Modificacións orzamentarias.

A variación entre os estados iniciais e definitivos é extremadamente importante, xa que as modificacións orzamentarias en saldos netos representan un 45,49% na Entidade Local principal con respecto aos créditos iniciais, sendo a contía total das modificacións tramitadas e aprobadas de 128,65 millóns de euros.

As modificación máis salientables foron a incorporación dos remanentes de crédito non executados procedentes do exercicio 2021 por un importe total de 34,35 millóns de euros, e as modificacións orzamentarias números 12/2022, 75-75A/2022 e 91/2022 baixo a modalidade de créditos extraordinarios e suplementos de crédito financiados con remanente líquido de tesourería para gastos xerais, por un importe conxunto de 83,82 millóns de euros.

Institución	Créditos Extraord.	Suplementos de Crédito	Ampliacións de Crédito	Transferencias		Incorporacións Remanentes	Xeracións de créditos	Baixas por anulación	Total
				Positivas	Negativas				
Entidade Local	45.989.108,21	37.839.775,00	400.000,00	17.853.414,99	17.853.414,99	34.355.940,39	10.069.751,22	0,00	128.654.574,82
Estados Consolidados	48.874.108,21	37.839.775,00	400.000,00	17.897.654,20	17.897.654,20	41.369.336,41	10.755.521,00	0,00	139.238.740,62

Á vista do anterior cabe concluír:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/02/2023 12:25	Páxina 8 de 36
244-143	CSV: AHA3BD-DH3547-EE48A4-AL7JS4-YTFXS9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

Gastos:

Superado o impacto que a crise económica e sanitaria provocada pola COVID-19 tivo na execución dos orzamentos municipais, aínda que no exercicio 2022 a execución orzamentaria experimentou en termos porcentuais unha caída significativa con respecto á do exercicio precedente (2022: 65,82%; 2021: 69,53%), en termos absolutos as obrigas recoñecidas alcanzaron os 270,79 millóns de euros, fronte aos 245,32 do ano 2021, o que supuxo un incremento de máis de 25 millóns no importe das obrigas recoñecidas netas no exercicio.

Este incremento de gasto centrouse fundamentalmente nos capítulos II “Gastos correntes en bens e servizos”, que pasou dun gasto executado de 122 millóns no ano 2021 a 134,9 millóns no 2022, e VI “Inversións reais”, que pasou dun gasto executado de 38 millóns no ano 2021 a 46,6 millóns no 2022. Obsérvase tamén un leve incremento no gasto do capítulo I “Gastos de persoal” (+1,5 millóns), chegando aos 58,1 millóns, aínda que lonxe dos 61,2 millóns do ano 2019, e no capítulo IV “Transferencias correntes”, no que se alcanzaron os 30,1 millóns (+3 millóns).

Doutra banda, é de destacar a inexistencia de gastos financeiros no Concello de Vigo debido ao non endebedamento do Concello de Vigo coas entidades financeiras, así como, fundamentalmente, á amortización extraordinaria de débeda realizada no exercicio 2016, o que supuxo un importante aforro de intereses ao longo do exercicio. Con todo, no exercicio 2022 recoñecéronse obrigas con cargo ao capítulo III por importe de 138 mil euros polos xuros de mora derivados das devolucións de ingresos indebidos ou devolucións derivadas da normativa de cada tributo.

Tamén hai que destacar o elevado importe dos créditos definitivos do capítulo VI do estado de gastos (145,3 millóns de euros) fronte ao importe dos créditos iniciais (39,7 millóns de euros), debido á tramitación no citado capítulo de modificacións orzamentarias por un importe superior aos 105 millóns de euros. Esta importante variación nos créditos débese fundamentalmente á incorporación de remanentes de créditos non executados de exercicios anteriores, así como aos créditos extraordinarios e suplementos de crédito financiados con remanente líquido de tesourería para gastos xerais, como consecuencia do impulso que o Goberno da Nación da ás Entidades Locais co uso libre do Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais, non computando nas variables fiscais.

Por outra parte, hai que ter en conta que no caso dos gastos financiados con recursos afectados, os créditos non executados ao longo do exercicio 2022, isto é, os remanentes de crédito, deberán incorporarse obrigatoriamente aos créditos do orzamento do exercicio 2023, salvo que se desista de realizar o gasto.

O Fondo de continxencia para imprevistos, dotado inicialmente con 600.000 euros, non foi utilizado.

Ingresos:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/02/2023 12:25	Páxina 9 de 36
244-143	CSV: AHA3BD-DH3547-EE48A4-AL7JS4-YTFXS9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

Destacan os bos resultados de xestión obtidos nos capítulos I e III, cunha execución superior ao 100% sobre as previsións do orzamento, así como o capítulo IV “Transferencias correntes”, que tamén supera a devandita porcentaxe (103,67%). No caso singular do capítulo 3 (Taxas, prezos públicos e outros ingresos), a porcentaxe sitúase preto do 114%. A estes efectos hai que destacar que dende o ano 2010 en todos os exercicios o capítulo I foi executado nunha porcentaxe superior ao 100%. Non ocorreu o mesmo no caso do capítulo II (Impostos Indirectos), xa que no ano 2011 a execución foi do 92,09 e no 2013 unicamente chegou ao 64,42%, froito das dificultades de prever os ingresos derivados da imposición indirecta nun contexto de crise económica particularmente vinculada ao sector inmobiliario. No ano 2022 os DRN no capítulo II alcanzaron unicamente o 88% das previsións orzamentarias definitivas.

No caso do capítulo VIII de ingresos “Activos financeiros”, a baixa porcentaxe de execución é consecuencia de que dentro das previsións definitivas deste capítulo inclúe as modificacións do orzamento de ingresos que son consecuencia da utilización do remanente de tesourería, concepto este que como xa é sabido, non dá lugar a ningún recoñecemento de dereitos. Doutro xeito, a execución do citado capítulo alcanzaría o 59,8% recollendo unicamente as operacións derivadas dos reintegros dos anticipos dos préstamos concedidos ao persoal.

No seu conxunto, os Dereitos Recoñecidos Netos (DRN) no ano 2022 experimentaron un aumento de 20 millóns de euros con respecto aos DRN no ano 2021 (+7,38% en termos relativos), supoñendo unha recuperación da positiva evolución tendencial dos últimos anos, rota no exercicio 2020 como consecuencia da crise do COVID-19. Por capítulos, o incremento foi especialmente significativo nos capítulos 4 “Transferencias correntes” e 7 “Transferencias de capital”, nos que se recoñeceron maiores dereitos por un importe de 20 millóns de euros, e no capítulo 3 “Taxas, Prezos Públicos e Outros Ingresos” no que se recoñeceron maiores dereitos por un importe de 2,6 millóns de euros (+6%), sendo este o primeiro exercicio no que se recuperaron os niveis previos á crise.

Dereitos pendentes de cobro e obrigas pendentes de pago a 31 de decembro.

CAPÍTULO	EXERCICIO CORRENTE (2022)				EXERCICIOS PECHADOS (2021 E ANTERIORES)			
	ENTIDADE LOCAL		ESTADOS CONSOLIDADOS		ENTIDADE LOCAL		ESTADOS CONSOLIDADOS	
	D.R. PENDENTES	O.R. PENDENTES	D.R. PENDENTES	O.R. PENDENTES	D.R. PENDENTES	O.R. PENDENTES	D.R. PENDENTES	O.R. PENDENTES
1	6.076.836,85	15.677,01	6.076.836,85	15.677,01	24.455.011,88	567,02	24.455.011,88	587,02
2	19.598,17	1.865.350,30	19.598,17	1.985.852,02	528.271,62	112,50	528.271,59	158,70
3	5.245.206,44	0,75	5.256.409,94	0,75	14.347.443,50	0,00	15.858.710,97	0,00
4	0,00	771.722,41	0,00	958.526,79	721.168,67	1.664,42	741.307,05	1.664,42
5	104.087,47	0,00	104.087,47	0,00	883.388,78		883.388,78	0,00



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/02/2023 12:25	Páxina 10 de 36
244-143	CSV: AHA3BD-DH3547-EE48A4-AL7JS4-YTFXS9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

6	0,00	3.008.418,45	0,00	3.032.329,75	0,00	0,00	0,00	86.609,84
7	0,00	55.144,61	0,00	60.329,61	2.309.444,08	0,00	2.511.943,77	0,00
8	223.650,00	0,00	234.025,00	0,00	96.469,48	0,00	101.969,48	0,00
9	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	11.669.378,93	5.716.313,53	11.690.957,43	6.052.715,93	43.341.198,01	2.343,94	45.080.603,52	89.019,98

SALDOS NON ORZAMENTARIOS			
ENTIDADE LOCAL		ESTADOS CONSOLIDADOS	
DEBEDORES	ACREDORES	DEBEDORES	ACREDORES
1.117.136,11	16.703.964,33	1.197.473,06	17.704.754,98

No que se refire aos saldos de acredores por operacións orzamentarias do exercicio corrente por importe de 5,7 millóns de euros, a súa contía débese ás ordes de pagamento que se expiden a finais do ano e que por este motivo non é posible pagar con anterioridade ao 31 de decembro do exercicio.

O saldo que presenta a tesourería a finais do ano, daría para facer o pagamento destas obrigas 28,56 veces, o que evidencia que o saldo pendente de pagamento non é un problema de liquidez.

Con respecto aos saldos acredores correspondentes a operacións non orzamentarias, os máis importantes son os que recollen as retencións do IRPF do mes de decembro e a cota da seguridade social, xa que esta é traspasada dende o orzamento á conta da Seguridade Social Acredora; outros saldos relevantes son os dos ingresos duplicados, xestión de recursos doutros entes e fianzas e depósitos.

5. Resultado Orzamentario do exercicio.

O Resultado Orzamentario (en adiante RP) regúlase nos artigos 96 a 97 do RD 500/90, do 20 de abril, e nas regras 78, 79 e 80 da ICAL modelo Normal. Cuantitativamente vén determinado pola diferenza entre os dereitos orzamentarios liquidados durante o exercicio e as obrigacións recoñecidas durante o mesmo período (valores netos). Representa unha magnitude de relación global dos gastos e os ingresos, de maneira que poderemos analizar en que medida estes



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/02/2023 12:25

Páxina 11 de 36

244-143

CSV: AHA3BD-DH3547-EE48A4-AL7JS4-YTFXS9-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

tradúciéronse en recursos para financiar a actividade municipal, referida a un exercicio económico concreto. Ao RP haberá que realizarlle os axustes aos que se refire o artigo 97 do RD 500/90:

Axuste 1.- Créditos gastados correspondentes ás modificacións orzamentarias financiadas co Remanente de Tesourería.

No exercicio 2022, o importe total de obrigacións recoñecidas (OR) que se financiaron con remanente de tesourería para gastos xerais (recurso financeiro procedente da acumulación de resultados positivos de exercicios anteriores), ascende á cantidade de 17.609.572,19 euros, o que supón aumentar o resultado orzamentario neste importe.

A razón deste axuste radica en que para o caso das obrigacións recoñecidas e financiadas con remanente de tesourería, este non se liquida nin recoñece no exercicio que é obxecto de liquidación, non formando parte, por tanto, dos dereitos recoñecidos e si, en cambio, aparecen contabilizadas no devandito exercicio as obrigacións recoñecidas financiadas co mesmo.

Axuste 2. As desviacións derivadas dos gastos con financiamento afectado.

O Resultado Orzamentario do exercicio axustarase en aumento polo importe das desviacións de financiamento negativas do exercicio, e en diminución polo importe das desviacións de financiamento positivas do exercicio calculadas de acordo co establecido na propia ICAL.

Naqueles supostos nos que no Proxecto de Gastos apréciase que o axente financiador adianta o diñeiro antes de que se execute a obra, investimento ou proxecto afectado, entón aparecen desviacións positivas de financiamento que minoran o resultado orzamentario, como consecuencia de que se está poñendo de manifesto un exceso de recursos afectados contabilizados no ano pero que, financeiramente, amparan obrigacións non recoñecidas no exercicio corrente, senón outras que se esixirán con cargo a orzamentos posteriores.

Na documentación que conforma a liquidación do Orzamento incorpórase no trámite 36 o documento relativo ás desviacións de financiamento positivas e negativas, tanto as do exercicio, que son as que afectan o Resultado Orzamentario, como as acumuladas ao 31 de decembro de 2022 que, como veremos, serán necesarias para calcular o Remanente de Tesourería dispoñible para o financiamento de Gastos Xerais. Compróbase que o Resultado Orzamentario do exercicio 2022 axústase polo importe das desviacións do exercicio que figuran no citado documento, restando o importe das desviacións positivas e sumando o importe das desviacións negativas. Non se comproba a exactitude do importe das desviacións de financiamento, xa que tal comprobación requiriría do exame individualizado da documentación incorporada a cada un dos proxectos de gasto e a citada documentación non se atopa incorporada no expediente da liquidación, se ben tal actuación de control poderá se realizada no ámbito do control financeiro, se a mesma se inclúe no correspondente Plan Anual de Control Financeiro.

Así as cousas, o Resultado Orzamentario do exercicio 2022 presenta o seguinte detalle.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/02/2023 12:25	Páxina 12 de 36
244-143	CSV: AHA3BD-DH3547-EE48A4-AL7JS4-YTFXS9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

RESULTADO ORZAMENTARIO		CONCELLO DE VIGO	ESTADOS CONSOLIDADOS
1	Dereitos recoñecidos netos (+)	292.517.490,01	294.646.096,15
2	Obrigacións recoñecidas netas (-)	270.795.812,52	272.299.227,72
3	Resultado orzamentario sen axustes (1-2)	21.721.677,49	22.346.868,43
4	Desviacións positivas de financiamento (-)	5.937.202,77	6.575.972,55
5	Desviacións negativas de financiamento (+)	11.416.435,05	12.809.640,27
6	Gastos financiados con RTGX (+)	17.609.572,19	17.609.572,19
7	Total Axustes (6+5-4)	23.088.804,47	23.843.239,91
8	Resultado Orzamentario axustado (3+7)	44.810.481,96	46.190.108,34

A cifra que arroxa o RP do Concello no exercicio de 2022 antes de axustes é positiva xa que os ingresos liquidados foron superiores ás obrigacións liquidadas no exercicio, calculados uns e outras en termos netos. Unha vez practicados todos os axustes o Resultado Orzamentario presenta un resultado máis positivo aínda debido fundamentalmente ao importe das desviacións negativas de financiamento do exercicio, así como ao importe dos gastos do exercicio financiados con RTGX.

6. Remanentes de Créditos.

Conforme ao disposto no art. 98 do RD 500/1990 os remanentes de crédito están constituídos polos saldos de créditos definitivos non afectados o cumprimento de obrigacións recoñecidas.

Integrarán os remanentes de crédito os seguintes compoñentes:

- Os saldos de disposicións, é dicir, a diferenza entre os gastos dispostos ou comprometidos e as obrigacións recoñecidas.
- Os saldos de autorizacións, é dicir, as diferenza entre os gastos autorizados e os gastos comprometidos.
- Os saldos de crédito, é dicir, a suma dos créditos dispoñibles, créditos non dispoñibles e créditos retidos pendentes de utilizar.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/02/2023 12:25	Páxina 13 de 36
244-143	CSV: AHA3BD-DH3547-EE48A4-AL7JS4-YTFXS9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

Da documentación incorporada ao expediente dedúcense as seguintes magnitudes a nivel agregado para o Concello de Vigo:

Saldos de disposicións (1)	39.584.262,15
Saldos de autorizacións (2)	2.319.734,17
Saldos de crédito (3)	98.744.877,01
Remanentes de crédito (4) = (1+2+3)	140.648.873,33
Remanentes de crédito comprometidos (5) = (1)	39.584.262,15
Remanentes de crédito non comprometidos (6) = (4-5)	101.064.611,18

Para maior detalle pode consultarse o estado MEM201A2_04, de 110 páxinas, onde se calculan os remanentes de crédito para cada una das aplicacións orzamentarias.

Conforme dispón o artigo 175 do TRLRFL, como regra xeral, os créditos para gastos que o último día do exercicio orzamentario non estean afectados ao cumprimento de obrigas recoñecidas, isto é, os remanentes de créditos ou créditos non executados, quedarán anulados de pleno dereito. Non obstante, o artigo 182 da citada lei dispón que poderán incorporarse aos correspondentes créditos dos orzamentos de gastos do exercicio inmediato seguinte, sempre que existan para iso os suficientes recursos financeiros, os seguintes créditos:

- Os créditos extraordinarios e os suplementos de créditos, así como as transferencias de crédito, que fosen concedidos ou autorizados, respectivamente, no último trimestre do exercicio.
- Os créditos que amparen os compromisos de gasto debidamente adquiridos en exercicios anteriores (fase D).
- Os créditos por operacións de capital.
- Os créditos autorizados en función da efectiva recadación de dereitos afectados.

Os remanentes incorporados poderán ser aplicados tan só dentro do exercicio orzamentario ao que a incorporación se acorde. Agora ben, os créditos que amparen proxectos financiados con ingresos afectados deberán incorporarse obrigatoriamente sen limitación en canto ao número de exercicios, salvo que se desista total ou parcialmente de iniciar ou continuar a execución do gasto.

7. Remanente de Tesourería.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/02/2023 12:25	Páxina 14 de 36
244-143	CSV: AHA3BD-DH3547-EE48A4-AL7JS4-YTFXS9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

Coa liquidación do Orzamento é necesario calcular o Remanente de Tesourería (RT), magnitude de carácter orzamentario que reflicte un recurso para financiar gasto, se é positivo, e un déficit para financiar, se é negativo a data 31 de decembro do exercicio.

Neste Remanente de Tesourería Total deberán distinguirse dúas partes:

a) O Remanente de Tesourería destinado a financiar a incorporación de remanentes de crédito correspondentes a gastos con financiamento afectado (exceso de financiamento afectado ou RTGFA): Está constituído pola suma das desviacións de financiamento positivas que, nos devanditos gastos, e para cada unha das aplicacións do Orzamento de Ingresos que os financian, prodúzanse desde o inicio do gasto ata o fin do exercicio que se liquida, é dicir, a desviación acumulada positiva para cada axente financiador dentro do proxecto.

Como temos visto con anterioridade, $RTGFA = \Sigma Df (+)$ ^{31/12/2022}

Compróbase que o Remanente Afectado do exercicio 2022 coincide coa suma do importe das desviacións acumuladas positivas e parciais que figuran no documento anexado no trámite 36 do expediente denominado desviacións de financiamento. Non se comproba a exactitude do importe das desviacións de financiamento, xa que tal comprobación requiriría do exame individualizado da documentación incorporada a cada un dos proxectos de gasto e a citada documentación non se atopa incorporada no expediente da liquidación, se ben tal actuación de control poderá se realizada no ámbito do control financeiro, se a mesma se inclúe no correspondente Plan Anual de Control Financeiro.

b) O Remanente de Tesourería para gastos xerais (RTGX): Obtense por diferenza entre o RTT e o Exceso de Financiamento ou RTGFA. Este superávit, pódese destinar a completar, no seu caso, o financiamento da incorporación de remanentes de crédito correspondentes aos GFA e o exceso, no seu caso, supón un recurso para o financiamento de modificacións de crédito dos exercicios seguintes.

O RTGX axustado reflicte a situación financeira real na que se atopa a entidade a curto prazo.

Quantificación do Remanente de Tesourería:

O Remanente de Tesourería regulado polo artigo 191.2 do TRLRFL, artigos 101 a 104 do R.P. e Regras 81 a 86 da Orde de EHA/4041/2004, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, calcularase segundo os seguintes compoñentes da contabilidade xeral:

a) Fondos líquidos de Tesourería a fin de exercicio: Saldos das contas que integra o subgrupo 57, Regra 84 da IMNCL (contas 570, 571, 573, 574.1, 575.1, 575.9, 577 e 578).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/02/2023 12:25	Páxina 15 de 36
244-143	CSV: AHA3BD-DH3547-EE48A4-AL7JS4-YTFXS9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

b) Dereitos pendentes de cobro en fin de exercicio, Regra 85 da Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local:

- De Orzamento Corrente, conformados polos saldos das divisionarias da conta 430.
- De Orzamento Pechados, conformados polos saldos das divisionarias da conta 431.
- De dereitos pendentes de saldos de debedores non orzamentarios, conformados polas seguintes contas: 260, Fianzas constituídas a longo prazo, 265, Depósitos constituídos a longo prazo, 440, Debedores por IVA repercutido, 442, Debedores por servizos de recadación, 449, Outros debedores non orzamentarios, 470, 471, correspondentes a saldos debedores con Administracións Públicas, 472, Facenda Pública por IVE soportado, 565 e 566, Fianzas e Depósitos constituídos a corto prazo saldo debedor e o saldo debedor da conta 456.

Minorados con:

- Ingresos pendentes de aplicación: conta 554 e 559, tendo en conta as súas divisionarias.

c) Obrigas pendentes de pagamento en fin de exercicio, Regra 86 da Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local:

- Pendentes de pagamento de exercicio corrente, conta 400.
- Pendentes de pagamento de exercicios anteriores, conta 401.
- De saldos de contas de acredores non orzamentarios: Conta 180 e 185, Fianzas e Depósitos recibidos a longo prazo, conta 410, Acredores por IVE soportado, 414, Entes públicos acredores por recadación de recursos, a divisionaria da 416, polas ordes de pagamento non orzamentarias que están pendentes de pagamento, 419, Outros acredores non orzamentarios, 453, Entes Públicos por ingresos pendentes de liquidar, 456, Entes Públicos c/c en efectivo, 475, 476, saldos acredores de Administracións Públicas, 477, Facenda Pública IVE repercutido, 502, 507, 522 e 525 por empréstitos e Operacións de Tesourería, 560, 561, Fianzas e Depósitos recibidos a curto prazo.

Minorados con:

- Saldos das contas 555 e 558.1, Pagamentos pendentes de aplicación e provisións para anticipos de caixa fixa pendentes de xustificación.

d) Axustes previstos na normativa reguladora das facendas locais:

O Remanente de Tesourería total, conformado polos fondos líquidos máis os dereitos pendentes de cobro menos as obrigas pendentes de pagamento, será axustado por:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/02/2023 12:25	Páxina 16 de 36
244-143	CSV: AHA3BD-DH3547-EE48A4-AL7JS4-YTFXS9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

- Dereitos de difícil ou imposible recadación, segundo os criterios que a este respecto fixe a propia entidade, de acordo co establecido nos artigos 191.2 do TRLRFL e 103 do R.P., así como nas Bases de Execución do Orzamento.
- Polo exceso de financiamento afectado.

O Remanente de Tesourería, unha vez así calculado, si resultase cun saldo "positivo", conforma o remanente líquido para gastos xerais, constituíndo un recurso para financiar modificacións de crédito no orzamento do exercicio seguinte (artigos. 177.4 e 182 do TRLRFL, e artigos. 36, 48 e 104.2 do RP), sempre dentro dos límites que establece a LOEOeSF en canto ao cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e da Regra de Gasto (obxectivos que se atopan suspendidos).

Pola contra, no caso de Liquidación do orzamento con Remanente de Tesourería "negativo", o Pleno da Corporación deberá proceder, na primeira sesión que celebre con posterioridade á aprobación da liquidación orzamentaria, á redución de gastos no Orzamento por unha contía igual ao déficit producido, e de non ser posible a redución do gasto, poderá concertar unha operación de crédito (nos termos e co quórum requirido polo artigo 177.5 do TRLRFL en relación co art. 47.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local) polo importe do Remanente de Tesourería negativo.

Os valores obtidos co cálculo do RT, tanto para o Concello como para o conxunto dos entes que conforman os estados consolidados, poden observarse de forma resumida no cadro seguinte:

	Concello de Vigo					Estados consolidados				
	31/12/22	31/12/21	31/12/20	31/12/19	31/12/18	31/12/22	31/12/21	31/12/20	31/12/19	31/12/18
1 Dereitos pendentes de cobro (+)	56.127.713,05	66.029.838,72	77.627.908,99	86.142.656,29	85.445.890,40	57.969.034,01	67.847.082,16	79.413.297,77	88.192.114,47	87.493.713,73
2 Obrigas pendentes de pago (-)	-22.609.426,18	-27.310.488,15	-22.057.710,34	-26.151.554,50	-28.467.165,33	-23.846.490,89	-28.583.434,05	-22.819.876,93	-26.908.377,93	-29.091.551,66
3 Fondos líquidos a fin de exercicio (+)	163.282.037,05	149.773.472,78	117.054.714,01	81.573.730,44	78.468.136,97	188.381.191,45	173.594.711,29	131.277.971,81	95.189.138,04	89.971.618,35
4 Partidas pendentes de aplicación (-)	-3.334.640,47	-4.611.947,95	-4.432.788,91	-2.434.694,51	-3.110.524,10	-3.647.522,94	-4.891.337,76	-4.680.703,97	-2.591.546,53	-3.229.740,48
5 Remanente de Tesourería Total (1-2+3-4)	193.465.683,45	183.880.875,40	168.192.123,75	139.130.137,72	132.336.337,94	218.856.211,63	207.967.021,64	183.190.688,68	153.881.328,05	145.144.039,94
6 Saldo de dubidoso cobro (-)	-40.858.475,15	-45.601.430,21	-48.050.268,87	-45.720.261,64	-54.835.913,36	-42.350.748,51	-47.283.100,74	-49.745.731,64	-47.405.911,73	-56.430.802,75



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/02/2023 12:25	Páxina 17 de 36
244-143	CSV: AHA3BD-DH3547-EE48A4-AL7JS4-YTFXS9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

7	Excesos de financiamento afectado (-)	-4.428.307,82	-2.549.636,33	-203.689,78	-1.352.863,60	-1.010.718,42	-13.619.548,67	-11.912.163,84	-7.352.643,01	-6.572.972,83	-8.103.768,57
8	Remanente de Tesourería para Gastos Xerais (5-6-7)	148.178.900,48	135.729.808,86	119.938.165,10	92.057.012,48	76.489.706,16	162.885.914,45	148.771.757,06	126.092.314,03	99.902.443,49	80.609.468,62

A magnitude do remanente de tesourería para gastos xerais do Concello de Vigo presenta un importe a 31/12/2022 de 148,1 millóns de euros, significativo dunha situación financeira moi saneada. A nivel consolidado dita magnitude alcanza os 162,8 millóns de euros.

e) Axustes previstos na normativa sobre Estabilidade Orzamentaria:

O artigo 30 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais, regula a información para remitir en relación ás liquidacións das entidades locais incluídas no artigo 4.1 do mesmo Regulamento establecendo, no seu apartado 1 letra f), que se deben incluír: "As obrigacións recoñecidas fronte a terceiros, vencidas, líquidas, e esixibles non imputadas ao Orzamento"; por este motivo téñense que realizar sobre o Remanente de Tesourería para Gastos Xerais un axuste en negativo derivado do Saldo de obrigacións pendentes de Aplicar ao Orzamento e do Saldo de Obrigacións por devolución de ingresos pendentes.

